



Noticia do túzaro

Manuel Forcadela¹

O túzaro é un escravo que considera a súa condición inevitable. Pode aturar o discurso contra a escravitude mais non a idea dunha posible redención. Deste xeito asume o estatuto de subalterno, de suplente. Sábese de categoría inferior, en claro desnivel cos outros que veñen sendo os seus amos. Mais sente que esa é a condición que merece. Leva a clase b tatuada na súa alma. Todo canto o caracteriza é de natureza secundaria: a lingua, a cultura, o país, a clase social, os seus mitos e ritos, os seus obxectos de desexo. O túzaro sabe que o bisavó foi escravo en Cuba, o avó paseado na Guerra Civil. E que o pai soubo da emigración a Europa. Mais nada diso considera produto da súa historia senón resultado dun estatuto ontolóxico inevitable.

O túzaro aprendeu que non se pode, nin se debe, evitar o inevitable.

O país dos túzaros é Tuzaristán, que soa a califato islamista, e ten un emir por presidente. A cidade máis importante de Tuzaristán é Abelgrado, tamén chamada Abelgrado de Tuzaristán.

A saudade e o resentimento son os sentimentos rexionais quintaesenciados que teñen cabida prioritaria na súa produción musical e cultural.

A árbore nacional de Tuzaristán é o eucalipto. A súa produción estratéxica, a celulosa. A festa que reúne e aúna a todos os túzaros, o incendio forestal. O túzaro non quere nin oír falar de cultivos alternativos. O seu destino está unido de raíz ao eucalipto e o incendio forestal.

Nesta súa festa rexional, o carácter rexional de Tuzaristán forma parte esencial da súa constitución como pobo diferenciado, mentres arden os eucaliptos e agardan polos helicópteros privatizados que tenten apagar o lume, o túzaro chora e laméntase polo seu destino como pobo incendiado e incendiario e lembra con melancolía os vellos tempos en que os servizos de extinción de incendios formaban parte da xestión impagable do emir de Tuzaristán. O emir sempre manifestou, con resentimento, que o custo dos incendios era unha lacra para o goberno rexional e optou polo derivalo a empresas amigas que incrementaron notablemente o prezo da súa actividade.

Os xornais rexionais, empezando por *La Voz de Tuzaristán*, consideran que informar é un labor de escaso proveito e optaron por dedicar as súas páxinas a loar o labor impagable do emir. Non hai información e si moita propaganda. Porque o marabilloso de Tuzaristán é que a xestión levada a cabo polo emir é sempre intachable. Fai unicamente o que se pode facer. Porque todo o demais é imposible. De maneira que unha das particularidades de Tuzaristán é o realismo da xestión do seu goberno rexional.

O túzaro, por tanto, é realista, saudoso e resentido, e cando ten que traducir ao inglés a súa frase máis enigmática, “éche o que hai”, verdadeiro compendio presocrático do seu saber enigmático, opta sempre por “it’s ok”.

Cando o rexedor de Abelgrado de Tuzaristán increpa ás súas masas ao grito de “somos los mejores” incorre en catro enganados específicos.

¹ <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/manuel-forcadela>.

A falacia esencialista (somos), a falacia sexista (los), a falacia valorativa (mejores) e a falacia colonial (en castelán). Constrúe para as masas un falo (significante do desexo) que parte da súa negación como comunidade. Seredes desexantes na medida en que non sexades. Velaí o núcleo patolóxico do túzaro. Porque en maior ou menor medida son conscientes do engano e asúmeno como parte do xogo político. E o manexo do desexo fanno, o emir e o rexedor, a través da hexemonía que lle procuran os medios panniaguados, previamente subvencionados. Nese

nivel, as máquinas desexantes construídas son facilmente saciadas. O líder pode xogar a instituírse como signifiante, como falo. Onde eu estea, dirá, habrá satisfacción.

Nunha entrevista, o rexedor de Abelgrado de Tuzaristán, interrogado sobre o seu xeito peculiar de falar inglés, soltou a seguinte prenda: as linguas hai que falalas sen complexos. Velaí a revelación. Os complexos. Iso é o que explica a súa actuación contraria á lingua e á cultura. Os seus complexos. Os complexos que caracterizan o túzaro.